

CARREIRA

Como chegar a Carreira?




A parroquia ten de vello un carácter agropectuario que cumpría todas as características que se dan en moitas outras partes do territorio galego: economía de subsistencia, participación de toda a familia no duro traballo do campo e parcelas pequenas.

En Carreira quedan os restos e a memoria daquela sociedade a través dun rico patrimonio etnográfico conservado e que nos amosa como era a vida da parroquia. Os bens patrimoniais atópanse espallados por toda a zona que percorre esta ruta: casas de labranza coa vivenda e as súas construcións auxiliares (cortes, alboios,...), hórreos centenarios de pedra para gardar a colleita, muíños de auga para moelo, pombais, muros de pedra para delimitar as parcelas, pozos para regar... Xunto a estas, outras construcións axudaban nos labores diarios como as fontes ou os lavadoiros.

Todo este patrimonio que nos acompaña na ruta serve de memoria para saber dos costumes e da organización do traballo, de como as xentes da parroquia creaban soluciones para subsistir e desenvolver a súa vida nunhas duras condicións. É pois esta ruta unha forma de coñecer a memoria e tradición da parroquia de Carreira.

Tamén se reflexa a importancia desta intensa actividade humana na paisaxe, a así na zona da Parque Natural quedan inda hoxe pasteiro, campos de cultivo de millo e mesmo viñas, muros de pedra e camiños onde os homes e mulleres de Carreira desenvolvían o seu traballo no medio destas fermosas paraxes delimitadas polo mar e as lagoas de Carregal e Vixán.



Sendeiro SR-4

Ruta circular San Paio de Carreira

"Un percorrido pola Carreira das tradicións"

**Teléfonos de Interese
Useful phone numbers**

Concello de Riveira / City hall

Telf: 981 835 417

Policía Local / Local Police

policialocal@riveira.com

Telf: 981 871 178

GAEM

Telf: 981 835 417

Oficina de Turismo / Tourist office

Telf: 686 587 000

Emerxencias / Emergency

Concello de Riveira

CONSELLERÍA DE EMPREGO
COMERCIO E TURISMO




A IMPORTANCIA DE ADAPTAR O CONTOURNO

As persoas con TEA (Trastorno do Espectro Autista) presentan alteracións que afectan á interacción social, a comunicación e a presenza de actividades repetitivas e restrictivas.

Desta forma, coa colaboración do Concello de Riveira, A Asociación AMICOS e ARASAAC, xorde a iniciativa de aproximar a información da ruta de sendeirismo ao maior número de persoas posibles, entre elas as persoas con autismo.

O Proxecto consistiu en incorporar nos paneis e postes informativos os pictogramas de ARASAAC, para favorecer mediante imaxes a comprensión da información alí plasmada, porque a comunicación debe ser un derecho de todos e para todos, e, no caso das persoas con TEA, os apoios visuais son fundamentais no seu día a día.


SINALIZACIÓN DA RUTA




DIRECCIÓN CORRECTA
RIGHT DIRECTION





DIRECCIÓN INCORRECTA
WRONG way



CAMBIO DE DIRECCIÓN
CHANGE OF DIRECTION



CAMBIO DE DIRECCIÓN
CHANGE OF DIRECTION



CARACTERÍSTICAS DO SENDERILO:

Longitude: 15 kms
Altitude máxima: 180 mts
Dificultade: media
Duración: 4 hs
Acceso en bicicleta
Acceso a cabalo

CHARACTERÍSTICAS OF THE PATH:

Length: 15 kms
Maximum altitude: 180 mts
Difficulty: medium
Duration: 4 hours
Access by bicycle
Access horse